

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

Orden do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da última comisión
2. Informe da dirección
3. Novas Tarifas
4. Rogos e preguntas

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

1. Acta da reunión anterior

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DE 9 DE DECEMBRO DE 2010

LUGAR: Sala de Xuntas do Edificio de Servizos Centrais de Investigación

DATA: 9 de decembro de 2010

HORA DE COMEZO: 12:48 horas

HORA DE REMATE: 14:00 horas

ASISTENTES

Jaime Rodríguez González, director do SAI

Carlos Jiménez González

Julián Yáñez Sánchez

Pilar Rodríguez Barro

Andrés Martínez Lage

Soledad Muniategui Lorenzo

Antonio Paz González

José Manuel López Vilariño

Ginés Nicolás Costa

Jorge Sanjurjo Sánchez

Juan Antonio Castro Amado

José María Aguiar Paz

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

AUSENTES

Concepción Herrero López

Joaquín Suarez López

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Aprobación, se proceder, da proposta de tarifas para o ano 2011
4. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

Antes de comezar coa orde do día, o director escusa a ausencia da vicerreitora, por teren que asistir a outra reunión, da a benvinda ás persoas que se incorporan á comisión, Antonio Paz González en calidade de representante da Unidade de Análise Estrutural, Ginés Nicolás Costa en representación da Unidade de Microscopia, Jorge Sanjurjo Sánchez en representación da Unidade de Xeocronoloxía, e por parte dos SAI Juan Antonio Castro Amado, Verónica Fernández-Villarrenaga Martín. O Director agradece a súa colaboración ás persoas que deixaron o seu cargo Jordi Delgado Martín, Andrés de Blas Varela, Jorge Otero Canabal e Alicia Cantarero Roldán.

O director nomea secretaria da comisión a Verónica Fernández-Villarrenaga Martín.

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior correspondente ao 23/06/2010.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

O director comunica que o arquivo electrónico coa presentación que vai realizar colgarase na web do SAI, xunto coa acta da reunión. O puntos que se tratan son:

- Unidades:

Na resolución reitoral do 19 de novembro apróbase a creación da nova unidade de augas.

A Unidade de Augas neste momento non ten asignado persoal e se adscribirá a ela persoal que xa pertence aos SAI, a lo menos un titulado superior coma responsable e un técnico especialista. Esta unidade coordinará as análises de augas, asumirá parte das análises de augas que se fan en UTIA, centralizará a xestión das mostras, incluíndo aquelas se analicen noutras unidades, e fará un informe global de todas as análises que se fixeron sobre unha mesma mostra.

- Novo equipamento:

Mercouse un novo espectrómetro de masas de relacións isotópicas *Thermo Scientific Delta V Advantage*. O equipo instalouse en marzo de 2010, pero tivo importantes problemas de funcionamento, por elo a casa subministradora cambiou o equipo por outro novo e desde hai unhas semanas está a traballar correctamente.

Está pendente a compra de equipamento para preparación de mostras para a unidade de análise estrutural. O director pensa que é difícil que sexa antes de fin de ano. Solicitaráanse presupostos a tres casas comerciais e mercarase a una delas.

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

1. Acta da reunión anterior

- Web:

O director presenta a nova web. Comenta que se buscou facer unha web mais clara e dinámica e que agora se conta cunha persoa que se dedica o mantemento da web. Quérese ter o apartado de novas actualizado en el, ademais das novidades do SAI colgaráanse eventos de investigación.

- Persoal:

Incorpóranse dúas persoas aos SAI a través do programa INCITE da Xunta de Galicia, Susana Roch Cardoso, química e contratada co programa Isabel Barreto e José Manuel Suárez Tiñanes, informático e contratado co programa Lucas Labrada, que estase a ocupar da web, do IIMs, de implementar un sistema de backup e outras labores informáticas.

- Ensaíos acreditados ISO 17025:

O director comenta que en marzo 2011 está programada a auditoría para ampliar a acreditación da UTC en dioxinas e furanos a PCBs e acreditar novos ensaios de augas: Fósforo, metais, DBO, DQO, NH₄, pH, condutividade e sólidos en suspensión.

A documentación foi enviada a ENAC a finais de setembro, xa se recibiu o informe de ENAC e as respostas se enviaron en novembro.

- FEDER:

Despois das reunións cos usuarios, e segundo o que decidiu coa vicerreitora, se presentaron á convocatoria FEDER as peticións soportadas por a lo menos tres grupos de investigacións.

* Sistema de extracción para mostras acuosas.

* Equipo de fluorescencia.

* Analizador termogravimétrico.

* Scanner láser.

Ademais pediuse a moblaxe para o CICA. O director comenta que o edificio entregárase en marzo de 2011.

Punto 3º. TARIFAS

O director lembra o procedemento de aprobación das tarifas e comenta que seguen conxeladas desde o ano 2008 e que soamente se actualizan nun 2%, que se corresponde coa subida de IVE.

- UAE:

Crease unha tarifa (código 134) de 10 € para cando se fai unha análise de monocristal e non da bos resultados.

- UBM:

Modifícase a tarifa de PCR (código 223) pola baixada do prezo dos kits.

Manténese a tarifa de secuenciación (código 211) porque a tarifa se actualizou hai 6 meses. Neste punto o director comenta o problema da competencia dos laboratorios coreanos que tiraron os prezos a nivel internacional. Andrés Martínez Lage comenta que son baratos porque fabrican eles os reactivos e a mano de obra é moi barata. O director apunta que baixouse a tarifa mercando lotes mais grandes dos kits.

Créanse novas tarifas de cuantificación de ADN, ARN e proteínas (códigos 25) e para o equipo Affymetrix (código 27) unha vez que pasaron os 6 meses con prezo especial. O concepto "consúltase dispoñibilidade"ponse pola variación nos prezos dos kits dependendo do ensaio.

A consulta de Andrés Martínez Lage de se xa se fai a electroforese completa e se se mercou o xel o director responde afirmativamente.

- UEPM:

Inclúese unha tarifa para a análise con ablación láser, que se estaba a cobrar con outro código por ser pouco habitual.

- UTC:

Fixéronse varios cambios nas denominacións dos conceptos.

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín, que traballa nesa unidade, explica os cambios. Corríxese a tarifa de hidrocarburos totais en augas, que non se facía por duplicado, e que era un erro tipográfico xa que esta determinación herdouse doutra unidade. Harmonízanse as tarifas de mostras sólidas e acuosas, porque en moitos casos o procedemento de análise e polo tanto os gastos son moi parecidos.

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

1. Acta da reunión anterior

O director comenta a inclusión dos PCBs indicadores e a modificación do nome do concepto 6216A, 6216B-C, 6217B-C e 6218B-C para usar o mesmo que aparece como ensaio acreditado.

- UX:

O director comenta que a unidade de xeocronoloxía incorpórase ao sistema de traballo que se segue no SAI baixo ISO 9001 e que por iso tarifanse os seu servizos. Jorge Sanjurjo Sánchez comenta que os prezos das tarifas C son a nivel de mercado e que A e B son moi competitivos.

- Anexo:

O director comenta a dificultade de facer rebaixas nas tarifas cando se asinan convenios con entidades B e C, xa que o regulamento do SAI indica que se poden facer descontos, pero non de canto, e a asesoría xurídica da universidade pon moitas veces problemas. Para evitar isto engadiuse un anexo ao final das tarifas onde se indica que se pode facer un desconto de ata o 15% da tarifa vixente que lle corresponda.

Tanto José Manuel López Vilariño coma Ginés Nicolás comentan que o 15% pode resultar pouco atractivo, o director comenta que o 15% foi suxerido pola propia asesoría xurídica e salienta que tratará de que se suba ata o 25%.

O director comenta que este anexo tamén ten que ser aprobado polo Consello Social xunto co resto das tarifas.

Apróbanse as tarifas para o ano 2011.

Punto 4º. ROGOS E PREGUNTAS

De seguido pásase a rolda de intervencións.

Soledad Muniategui Lorenzo pregunta cando vai a estar dispoñible o CICA coa moblaxe correspondente e se haberá que esperar ata o 2013. José Manuel López Vilariño indica que nos FEDER hai liquidación por anualidades e que seguramente estaría antes.

Andrés Martínez Lage suxire que debería enviarse un correo aos usuarios informando das modificacións das tarifas. O director contesta que as tarifas, unha vez aprobadas polo consello social, colgaráanse na web, pero que de todas formas pode enviarse un correo á lista de correo de usuarios A.

O director explica que é o CICA tras consulta de Ginés Nicolás Costa.

Sen máis asuntos que tratar o director do SAI remata a sesión.

A secretaria

Visto e prace

O director do SAI


Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Jaime Rodríguez González

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Informe da Dirección: *Memoria 2010*


Mostras



*Decremento do 40%**

Ingresos



*Decremento do
10% nos ingresos*



Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Informe da Dirección: *Memoria 2010*

Mostras 2008
segundo o tipo de usuario






USUARIO TIPO A (UDC)

USUARIO TIPO B
(Sector público)

USUARIO TIPO C
(Sector privado)

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011


2. Informe da Dirección: *Memoria 2010*



Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011


2. Informe da Dirección: *Memoria 2010*

Facturación por departamentos e outros centros



Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Informe da Dirección: *Memoria 2010*



Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Informe da Dirección: Servizo de Mantemento Científico, CONCURSO CONTRATO

TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS S.L.

IBERICA MANTENIMIENTOS S.A.

DEYMAN, S.L.

AGENOR MANTENIMIENTOS S.A.

a. Proposta económica

b. Proposta técnica

1. Plan de explotación

Valórouse:

Experiencia en contratos de mantenimientos análogos ou similares o presente concurso.

Metodoloxía a seguir nos plans de mantemento correctivos y preventivos

Cronograma de actuacións

2. Persoal Técnico

Calificouse o persoal que está baixo contrato

3. Medios materiais

Todas a licitadoras presentaron

4. Melloras

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Informe da Dirección: Persoal

a. Programa Xunta de Galicia: RHS Incorporación de Tecnólogos e Axentes de Innovación e Xestión Programa Isabel Barreto-2008 *Renovación*

b. De plantilla

1. Técnico superior da Unidade de Análises Estrutural (UAE): *Reincorporación TS*
2. Técnico Superior da Unidade de Microscopía: *Lista de agarda TS*
3. Técnico Superior da Unidade de Plasma-Masas: *Lista de agarda por baja de maternidad*

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Informe da Dirección: Sistema de Xestión da Calidade ISO 9001:2008



Auditoria 20-21/01/2011

Renovada hasta 23-01-2014

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Informe da Dirección: Ensaos acreditados según norma 17025

ENAC
Entidad Nacional de Acreditación

Otorga la presente
Grants this Accreditation

ACREDITACIÓN

a la entidad técnica
to the technical entity

SERVICIOS DE APOYO A LA INVESTIGACIÓN DE LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA

Según criterios recogidos en la norma UNE-EN ISO/IEC 17025 para la realización de los ENSAYOS de PRODUCTOS AGROALIMENTARIOS definidos en el ANEXO TÉCNICO adjunto.

According to the criteria in UNE-EN ISO/IEC 17025 for the performance of Test of Food Products as defined in the attached Technical Annex.

Acreditación n.º: 725/LE1402
Accreditation number:

Fecha de entrada en vigor: 22/05/2009
Coming into effect:

La acreditación mantiene su vigencia hasta notificación en contra.
The accreditation maintains its validity unless otherwise stated.

En Madrid, a 22 de mayo de 2009
In Madrid, May 22, 2009

El Presidente
President

A. Muñoz
D. Antonio Muñoz Muñoz

Este documento no tiene validez sin su anexo técnico correspondiente, cuyo número coincide con el de la acreditación.
The present Accreditation is not valid without its corresponding technical annex, which number coincides with the accreditation.
La presente acreditación y su anexo técnico están sujetos a modificaciones, suspensiones temporales y retirada. El estado de vigencia de la misma puede confirmarse en el catálogo de ENAC (<http://www.enac.es>).
This accreditation and its technical annex could be subject to temporary suspension and withdrawal. The state of validity of it can be confirmed in www.enac.es.

Ref.: C/LE/3980

ENAC
Entidad Nacional de Acreditación

EVALUACIÓN N.º 17424

PROGRAMA DE AUDITORÍA

Identidad legal: SERVICIOS DE APOYO A LA INVESTIGACIÓN DE LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA

ALCANCE DE LA AUDITORÍA:

Expediente/Tipo Visita	Título
LE/1402S2A1	Ensayos químicos de contaminantes orgánicos persistentes en productos agroalimentarios
LE/1798I1	Ensayos en aguas continentales

EQUIPO AUDITOR Y FECHAS DE AUDITORÍA:

Función		Nombre y siglas	Fechas	Interlocutores (ver Nota 1)
Jefe del equipo Auditor	LE/1402S2A1 LE/1798I1	José Carlos González (JCG)	16-17/03/2011	Alberto Nuñez Cardezo
Experto Técnico	LE/1402S2A1	José Julián Llerena (JLL)	16/03/2011	Gerardo Fernández Martínez
Experto Técnico	LE/1798I1	Francisco García Andreu (FGA)	16-17/03/2011	Susana Roch Candoso

Auditoria 16-17/03/2011
Pendiente de AACC

Petición FEDER 2010. Proyectos concedidos

SAI:

Sistema de extracción de fase sólida para muestras acuosas^{*1}

Cantidad FEDER solicitada: 96.096,84 €

Inversión total: 137.281,2 €

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Informe da Dirección: FONDOS FEDER 2010


Petición FEDER 2010. Proyectos concedidos

SAI:

Espectrómetro para medidas de tiempos de vida de fluorescencia t estados estacionario.

Cantidad FEDER solicitada: 104.117,3 €

Inversión total: 148.739 €




Petición FEDER 2010. Proyectos concedidos

SAI:

Analizador termogravimétrico (TG) de presión y alto vacío acoplado a un espectrómetro de masas

Cantidad FEDER solicitada: 164.071,68

Inversión total: 234.388,12 €



Petición FEDER 2010. Proyectos concedidos

SAI:

Scanner láser para la cuantificación precisa de proteínas y ácidos nucleicos desde soportes sólidos mediante marcajes radioactivos, fluorimétricos y de Quimioluminiscencia

Cantidad FEDER solicitada: 67.146,49 €

Inversión total: 95.923,56 €



Fig 1. Typhoon FLA 7000 biomolecular imager provides fast, sensitive imaging, and high versatility.

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Informe da Dirección: FONDOS FEDER 2010

Petición FEDER 2010. Proyectos concedidos

Mobiliario del Centro de Investigaciones Científicas Avanzadas (CICA)

Cantidad FEDER solicitada: 1.885.657,55 €

Inversión total: 2.693.796,50 €



1 UNIDADE DE ANÁLISE ESTRUTURAL

NOTA: ¹ Disponível en autoservizo para usuarios debidamente cualificados. Consúltase coa unidade.

11 DIFRACCIÓN DE RAIOS X (PO)

111A	Varrido por difracción de raios X (po), por hora	2,22 €
112A	Identificación de fases cristalinas	3,17 €
113A	Preparación de mostra para difracción de raios X (po), por hora	1,79 €
114A	Determinación do tamaño de cristalito	20,40 €
115A	Quantificación de fases cristalinas	51,00 €

16 OUTRAS ANÁLISES DE MOSTRAS SÓLIDAS

161A	Perda por calcinación (a 550°C ou a 750°C ou a 975°C), por mostra	3,04 €
162A	Humidade de balanza de humidades	2,17 €
163A	Determinación de pH en sólidos	2,17 €
164A	Sílice por gravimetría	3,51 €
165A	Densidade real de sólidos (picnómetro de helio), por mostra	3,06 €
166A	Uso de equipamento de calcinación, por hora ¹	1,02 €
167A	Uso de equipamento de corte, por hora ¹	1,06 €
168A	Uso de equipamento de moenda, por hora ¹	1,06 €
169A	Uso de equipamento do picnómetro de helio, por hora¹	3,06 €

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta

2 UNIDADE DE BIOLOXÍA MOLECULAR

27 AFFYMETRIX

271A	Análise da calidade de ARN mediante o Bioanalyzer 2100 (1-12 mostrase)	27,26 €
272A	GeneChip de expresión xénica de Affymetrix	Consúltase dispoñibilidade
273A	GeneChip de genotipado de Affymetrix	Consúltase dispoñibilidade
274A	Array 3' de análise de expresión xénica (1 GeneChip de Affymetrix) ⁵	250,00 €
275A	Array 3' de análise de expresión xénica (2 GeneChip de Affymetrix) ⁵	350,00 €
276A	Array 3' de análise de expresión xénica (4 GeneChip de Affymetrix) ⁵	560,00 €
277A	Array 3' de análise de expresión xénica (6 GeneChip de Affymetrix) ⁵	770,00 €
278A	Array 3' de análise de expresión xénica (8 GeneChip de Affymetrix) ⁵	1.000,00 €

28 EQUIPAMENTO EN AUTOSERVIZO

281A	Espectrofotómetro UV visible GENios (TECAN), por hora ⁶	1,00 €
282A	Espectrofotómetro UV visible GENios (TECAN), por mes ⁶	250,00 €
283A	Sistema de documentación de xeles UVIDoc HD2/20MX (UVITEC), por hora	1,00 €
284A	PCR cuantitativa en tempo real iCycler Optical module (BioRad), por hora ⁷	1,00 €
285A	PCR cuantitativa en tempo real iCycler Optical module (BioRad), por run ⁷	3,00 €

⁵ A tarifa inclúe: 1) Re-Análise da cantidade e calidade do ARN total utilizando o NanoDrop ND-1000 e o Bioanalyzer 2100 de Agilent; 2) Xeración de cADN utilizando o 3' IVT Express Kit de Affymetrix; 3) Síntese da molécula de ARN que se hibridará ao chip e análise da calidade do aARN mediante o Bioanalyzer 2100 de Agilent; 4) Fragmentación da molécula a hibridar e análise da eficacia da fragmentación utilizando o Bioanalyzer 2100 de Agilent; 5) Hibridación, lavados e lectura de microarrays mediante escáner.

⁶ O autoservizo deste equipo podese realizar in situ na Unidade de Bioloxía Molecular ou desprazalo ao laboratorio do usuario/a por un período mínimo de 15 días.

⁷ Enténdese por "run" un programa de 3 horas, o que exceda deste tempo cobrase a 1,00 €/hora. Este equipo emprega placas de 96 pocillos e tapas de selado dunha calidade determinada que o laboratorio pon a súa disposición e que cobrará segundo as tarifas 223A e 226A.

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta

4 UNIDADE DE ESPECTROSCOPIA MOLECULAR

42 ESPECTROMETRÍA DE MASAS

4201C	Espectro EI, baixa resolución	15,85 €
4202C	Espectro baixa resolución: CI, FAB ou ESI-TOF	21,13 €
4203C	MALDI-TOF, baixa resolución	52,84 €
4204C	Espectro EI, alta resolución	21,13 €
4205C	Espectro alta resolución: CI, FAB ou ESI-TOF	31,70 €
4206C	Experimentos MS/MS baixa resolución, por precursor	31,70 €
4207C	ESI-Q-TOF MS/MS, por fragmento ¹	52,84 €
4208C	MALDI-TOF PSD, por hora ¹	169,08 €
4209C	Utilización GCMS baixa resolución, por hora	27,14 €
4210C	Utilización GCMS alta resolución, por hora	54,28 €
4211C	Utilización GCMS, cambio de columna	54,28 €
4212C	HPLC-ESI-TOF, por hora	79,25 €
4213C	HPLC-ESI-TOF, por día	951,05 €
4214C	ESI-TOF, por hora	54,28 €
4215C	Utilización equipo MALDI-TOF Voyager de STR, por hora	54,28 €
4216C	Busca de espectros en librería, por espectro	11,31 €

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta

4 UNIDADE DE ESPECTROSCOPIA MOLECULAR

- 1) **Re-análisis de la cantidad de ARN total** utilizando el NanoDrop ND-1000 = 0,19 €/muestra
- 2) **Análise de la calidad del ARN total** utilizando el Bioanalyzer 2100 de Agilent = 3,41 €/muestra
- 3) **Generación de cADN** utilizando el 3' IVT Express Kit de Affymetrix, Síntesis de la molécula de ARN que se hibridará al chip y Fragmentación de la molécula al hibridar; 86,00 €/muestra + 10,75 €/muestra control
- 4) **Análisis de la calidad del aARN** y de la eficacia de la fragmentación mediante el Bioanalyzer 2100 de Agilent = 3,41 €/muestra
- 4) **Hibridación, lavados y lectura de microarrays** mediante escáner = 16,25 €/muestra
- 5) **Material fungible** "RNase free" utilizado en todo el proceso (puntas de pipeta, tubos, tapas de sellado, etc.).



GeneChip Hybridization Oven 645



GeneChip Scanner 3000 7G

Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta

10 OUTROS

101 NITRÓXENO LÍQUIDO

1011A	Subministración de nitróxeno líquido *	2,04 €
1012A	Calibración de micropipetas	15,00 €

** Cobrarase este prezo polos litros servidos que excedan de 70 ao semestre*



4. Rogos e preguntas